



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica A Coruña

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

Seguimos a loitar pola readmisión de Maricruz e Marcos

Dende a CIG queremos manifestar o noso agradecemento a todos os traballadores e traballadoras que apoiaron a xornada de folga para esixir a readmisión de Maricruz e Marcos.

Este si é un feito destacable, nun escenario de represión e medo, aínda quedamos moitos traballadores e traballadoras que seguimos facéndolle fronte á inxustiza.

Despois do vergoñento papel do Comité Intercentros, facendo deixación das súas funcións ao non defender a dous traballadores despedidos por faltas de asistencia con xustificación médica, faise preciso aclarar a situación que se está a dar desde os dous despedimentos de Madrid e Barcelona:

Os feitos:

O nivel de absentismo nesta empresa está por riba do fixado no Estatuto (reducido á metade na última reforma laboral) para permitir ás empresas o despedimento obxectivo por faltas xustificadas intermitentes de case calquera traballador que teña a mala sorte de ter varias baixas de curta duración (ata 20 días).

Telefónica decidida a obter beneficios e reducir gastos a calquera costa, pon o ollo no absentismo por causas médicas, para o que despide a 2 compañeiros dos moitos que pode haber en similares circunstancias. **O Comité Intercentros non fai nada despois de recibir de Telefónica a negativa a readmitilos.**

Tódalas organizacións sindicais, excepto os socios de Telefónica, defenden o dereito á saúde, esixen a readmisión dos despedidos, que non haxa máis despedimentos obxectivos e convocan mobilizacións.

Os socios de Telefónica, maioría no Intercentros, non só deixan de lado aos traballadores, poñéndose do lado do seu socio, senón que a maiores adicanse a unha campaña de difamación dos compañeiros despedidos para desmobilizar o cadro de persoal.

Os compañeiros vense obrigados a contestar facendo públicos datos persoais, incluso íntimos, que a ninguén deben importar; para rebater a campaña que se fai contra eles.

Telefónica di que non vai haber máis despedidos.....

A mensaxe que se envía ao persoal:

Se estás enfermo procura ir traballar por tódolos medios, ou podes ser despedido se cada unha das ausencias non supera os 20 días.

A maioría sindical elixida para representar e defender aos traballadores,ponse do lado da empresa para afundirte.

Conclusiones:

Se o absentismo médico tivera tanto fraude coma a empresa pretende facernos crer, o que faría sería despedimentos disciplinarios, como en efecto fai cando pilla a alguén, e podería aforrar as indemnizacións por despedimento obxectivo.

Pero sabe que o fraude non é tanto e se consegue eliminalo, a redución do gasto ía ser moito máis pequena que se consegue que todos veñamos a traballar aínda que esteamos enfermos, porque temos medo a perder o posto de traballo.

Algo falla cando os traballadores elixen para que os representen e defendan a quen, unha vez si e outra tamén, se poñen do lado da empresa.

Na CIG temos moi claro o noso papel como organización sindical de clase, estivemos á fronte das mobilizacións contra a reforma laboral e a das pensións, e seguiremos estando.

Nin nos vendemos á patronal e o goberno, nin nos vendemos á empresa.

POLO DEREITO Á SAÚDE: DESPEDIDOS READMISIÓN!!!

**En defensa do Emprego en Telefónica,
mobilización permanente!!!**

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate !!!

A Coruña 21 de marzo de 2011